

<b>A dimensión ética e solidaria do financiamento na Economía Social</b>	
<b>Entidade ca que se intervén</b> Coop 57 MilhUlloa (entre outras)	<b>Centro Educativo</b> Universidade de Santiago de Comostela
<b>Intervención na que participan</b> Estudo e asesoramento de financiamento por banca ética.	<b>Materias/cursos/disciplinas</b> Economía e finanzas
<b>Cales son as fins da entidade na que participa o estudantado?</b>	
No caso de Coop 57 o financiamento de entidades de economía social, no sentido de estar enfocadas ó beneficio social máis alá do lucro económico. No caso de MilhUlloa, o cultivo e procesado ecolóxico e innovador de plantas e hortalizas.	
<b>En que consiste o proxecto no que participa o estudantado?</b>	
Proceso de asesoramento a entidades de economía social sobre como acceder a financiamento dentro da propia economía social e solidaria (banca ética).	
<b>Que fai o estudantado?</b>	
Estudo de caso dos proxectos das entidades sociais (dende o punto de vista de obxectivos económicos e sociais) e elaboración dun plan de financiación. Análise da relación da entidade escollida coa entidade financiadora.	
<b>Con que obxectivos de servizo?</b>	<b>Con que obxectivos de aprendizaxe?</b>
Dar a coñecer o valor da Economía Social e o cooperativismo como fórmula de emprendemento neste ámbito.	Achegar ao alumnado as diferentes formulas de financiamento para o impulso e consolidación de proxectos de Economía Social e cómo operan as entidades presentes en Galicia neste ámbito. Contidos teóricos sobre procesos de financiamento. Competencias técnicas de análise de proxecto e planificación de financiamento.
<b>Como e quen acompaña o servizo?</b>	<b>Como se acompaña a aprendizaxe?</b>
Introdúcese o tema cunha xornada de economía social e banca ética. Realízanse sesións de traballo coa entidade financiadora e visítase un caso práctico (unha entidade financiada) Acompáñase o proceso de elaboración da análise e proposta na aula e a través de titoría.	
Fotos se pode ser	